

NOTA INFORMATIVA

No Diario Oficial de Galicia número 170, do 4 de setembro de 2024, publicouse a Resolución pola que se aproban e se fan públicas as **relacións definitivas de persoas admitidas e excluídas no proceso de provisión por mobilidade** nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de policía (código de procedemento PR461D).

Tal e como pon a convocatoria do proceso:

- As solicitudes de participación no proceso vincularán as persoas solicitantes unha vez finalizado o prazo de presentación destas.
- Poderase renunciar a participar neste proceso en calquera momento ata os dez días hábiles seguintes ao da publicación da relación definitiva de persoas admitidas e non admitidas no Diario Oficial de Galicia (en diante, DOG).

No Diario Oficial de Galicia número 154, do 9 de agosto de 2024, publicouse a Resolución do 2 de agosto de 2024 pola que se declara a **tramitación de urxencia** no proceso de provisión por mobilidade nos corpos de policía local de Galicia, escala básica, categoría de policía (código de procedemento PR461D) pola que se reducen os prazos á metade, salvo os relativos á presentación de solicitudes e recursos.

Por tanto as persoas interesadas en **RENUNCIAR** teñen 5 días hábiles:

→ **Dende o 05.09.2024 ata o 11.09.2024**, ambos incluídos.